

Radio feita por adolescentes para loitar contra o machismo, os abusos medio ambientais e o discurso de odio.

- **Cincocentos mozos e mozas que participan no proxecto educativo Activistas polo mundo que queremos, realizarán nos vindeiros días programas radiofónicos dende os seus centros educativos.**
- **Comezan este luns no Barco de Valdeorras**

Santiago, 21 de febreiro de 2022. Nas vindeiras semanas, as catro provincias galegas encheranse de radio feita por adolescentes para mudar unha realidade que non lles gusta. Dende O Barco de Valdeorras a Cambre, de Pastoriza a Redondela, pasando por Caldas de Reis e Monforte, case cincocentos mozos e mozas que participan este ano no proxecto de educación en valores "[Activistas polo mundo queremos](#)" realizarán programas de radio dende os seus institutos para combater o machismo, os abusos ambientais ou o discurso de odio contra a migración e o colectivo LGTBIQ+.

En obradoiros anteriores o alumnado aprendeu o que significa ser unha persoa activista tanto na Galiza coma noutras partes do mundo. Tamén reflexionaron sobre como as ferramentas comunicativas como a radio, pódennes axudar no seu activismo. Agora os mozos e mozas, como se fosen auténticos xornalistas, tras investigar e facer os guións das súas reportaxes, locutarán e gravarán os seus propios programas de radio de denuncia e transformación social.

O IES Lauro Olmo, de O Barco de Valdeorras será o primeiro centro que gravará os seus programas o próximo luns 21 de febreiro. O mércores 23 será a quenda do IES Fonmiñá da Pastoriza (Lugo) e pechará esta primeira semana o IES Chapela de Redondela que fará o seu programa radial o venres 24 pola mañá.

Tralo Entroido, nas vindeiras semanas irán gravando o resto dos centros educativos participantes: O Ies Alfonso X O Sabio (Cambre, A Coruña), o Ies Aquis Celenis (Caldas de Reis, Pontevedra) e o Ies A Pinguela (Monforte de Lemos, Lugo).

Esta é a novena edición dun proxecto que en anos anteriores xa chegou a máis de 3.500 alumnos e alumnas de toda Galicia e que é posible grazas a unión de tres ONGDs, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) e ao financiamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

Forma parte da plataforma de innovación educativa 'Plan Proxecta', impulsada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Parte importante deste traballo é a propia difusión, así que dende Activistas polo Mundo que Queremos convidamos aos medios de comunicación a que compartan esta información e acudades aos institutos para darlle voz aos mozas e mozos, verdadeiros protagonistas deste proxecto.